



Paciencia: óleo sobre lenzo

ARQUÍMEDES ARTAL

Paciencia: óleo sobre lenzo

ARQUÍMEDES ARTAL

Hai un instante no que a mirada deixa de rexistrar e empeza a demorarse. Nesa marxe, case acústica, instálase a pintura de Arquímedes: un territorio onde a luz se mide, se afina e se estira ata rozar o silencio. O seu hiperrealismo non compite coa fotografía, desármala con paciencia. Fronte ao espectáculo do pixel, propón unha atención obstinada: o brillo breve dun reflexo, a pegada que deixou un dedo ao corrixir unha pinga, a pel dun froito que xa sospeita a súa madurez.


A técnica é milimétrica: capas finísimas de óleo, veladuras que respiran, empastes que ancoran. Cada cadro é unha proba de resistencia do silencio: canto detalle tolera o misterio antes de evaporarse? Hai ritmos internos, pausas calculadas, repeticións que xamais son idénticas. Nada é gratuito, pero nada resulta enfático.

De preto, a superficie revela o procedemento: tempo depositado en partículas, dúbidas estratificadas, unha alegría microscópica. De lonxe, as obras organizanse coma un murmurio coral que confirma que a realidade —observada coa suficiente cortesía— é máis rara e máis poética que calquera artificio.

Humor hai, e ventilación: aviso para navegantes dixitais; aquí non hai filtros automáticos, só óleo e paciencia. A solemnidade permítese unha chiscadela; a precisión, un respiro.


A e o visitante está convidado a baixar o volume do mundo. Todo soa baixo, si, pero soa.








































DATAS E HORARIOS

Do 15 ao 31 de agosto de 2025

De luns a venres de 9 a 21 h

Sábados, domingos e festivos

de 10 a 14:30 h e de 16:30 a 20 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións

Praza de Santa María, s/n

Pontevedra



Deputación
Pontevedra

